


O libro dos Reis Magos



XUNTA DE GALICIA

Ilustracións
Marina Seoane



EDITA

© XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria

Secretaría Xeral de Política Lingüística

© polos textos, cadansúa autora

© polas ilustracións, Marina Seoane

Santiago de Compostela, 2012

Dep. Leg.: VG 775-2012

EDICIÓN E PRODUCCIÓN

Editorial Galaria, S. A.

MAQUETACIÓN

Hayat Husein

IMPRIME

Gráficas Varona

O libro dos Reis Magos



ILUSTRACIÓNS *Marina Seoane*



Prólogo

Prezados Reis Magos:

Un ano máis, os nenos e nenas de Galicia escribíronvos as súas cartas, cheas de arelas e de ilusión, e agardan pola vosa chegada a noite máxica do cinco ao seis de xaneiro. Un ano máis, viredes puntualmente dende Oriente nos vosos camelos, ou nos vosos cabalos, en coche, en tren... para desfilardes en cabalgata polas aldeas, vilas e cidades da nosa comunidade. Pero este ano, por fin, teredes voz.

Vós sempre estabades mudos nas cabalgatas. Erades os únicos reis do mundo que non lían os seus discursos no acto máis importante do ano! E nós queríamos oírvos falar e oírvos falar na nosa lingua.

Maxestades, sodes persoas importantes para os nenos e nenas galegos, referentes positivos e ilusionantes que desexamos asociar á lingua propia de Galicia. Vindes de Oriente, de moi lonxe, pero sabiamos que coñecíades a nosa lingua porque sodes sabios e sabedes valorar o mellor de cada pobo.

Con este libro de discursos para vós, a Rede de Dinamización Lingüística e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Educación queremos facilitarvos a tarefa de falardes para os nosos nenos e nenas. Ben vemos que chegades cansos, que son moitos os nervios desta noite máxica... e sabemos que agradeceredes calquera axuda que vos poidamos prestar.

Nesta carta, non vos pido ningún agasallo. Gustaríame solicitarvos garantías para a promoción da lingua galega, pero ben sei que esa é tarefa nosa, dos galegos e das galegas, que temos a obriga de coidar e de transmitir este tesouro. Só con que leades algún dos moitos discursos que se vos ofrecen neste libro, xa contribuiredes ao seu avance.

Moito me alegro, Maxestades, de que este proxecto fose incluído na planificación do primeiro ano de andaina da Rede de Dinamización Lingüística. O seu éxito daranos azos para seguir traballando, unindo esforzos a prol do noso idioma. Apertas.

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Carta dos Reis Magos

Yolanda Castaño

Moi queridos nenos e nenas de _____ (*poboación*) :

Os meus compañeiros e mais eu estamos moi felices de chegar ata aquí dende o Afastado Oriente, e é para nós unha alegría e un orgullo poder dirixírmolos a vós nesta fermosísima lingua milenaria chamada galego que —coma un vello tesouro— custodiades neste recanto da cativadora Europa. Estanos parecendo un idioma rexo e feiticeiro, e esperamos que por moitos anos, séculos, o saibades coidar tanto a el coma aos ríos, ás rúas empedradas e limpas, ao sorriso dos vosos avós, ao mar, aos monumentos que tallan a memoria, ao monte, aos vosos cuartos... Estadades facéndovos cada vez máis maiores e esperamos que aprendades a coidar de todas esas marabillas coas que contades neste glorioso recuncho do mundo.

O esforzo merece a pena cando ao final do camiño se cumpren os sonhos. Se o sendeiro algunha vez vos parece costa arriba porque hai que obedecer a papá e mamá, facerlles caso aos mestres ou pasar sen algo que vos gustaría, lembrade que na meta resplandecerán con máis luz os sonhos cumpridos: o que devecías por facer, o lugar que tanto desexaches visitar ou aquilo que sempre quixeches ser.

Tamén o regalo que tanto nos pediches; pero, coidado!, sede sinceros e mirade ben dentro dos vosos corazóns: só aquel agasallo que de veras desexades será realmente voso.

Facédevos responsables da sorte que tedes, gozádea, coidádea e deixade que ela vos coide. E sobre todo sede, todos e todas, rabiosamente felices!

Moi boa noite e unha grande aperta de nós os tres.





Papaventos no padal

Andrea Porto

Nenas, nenos, nais e pais
escoitade atentamente,
resolvede esta adiviña
chegada dende Oriente:

*Derrétese na boca
e non é xeadó,
que estaría moi frío
nestas datas do ano.*

*Debuxa bolboretas
que beliscan no ceo
das nubes anaquiños
para facer caramelos.*

Se aínda non o sabedes
parádevos a pensar:
quen voa papaventos
no noso padal?

É a música que todos
levamos dentro,
que nos arrola
nas noites de inverno.

A lingua das cantigas,
das coplas e refráns,
o agasallo perfecto
para este Nadal.





Cando o aire recende a caramelos

Rosario Golmar

Meus queridos amiguiños e amiguiñas:

Esta noite o aire recende a caramelos, e no ceo escintila a nosa estrela. Cruzamos moitos mares, montes e desertos ata chegar a Galicia, a vosa fermosa terra: país dos mil ríos, de profundos vales e de fragas verdes. Din que nestes lares se fan realidade os contos e as lendas: que no curuto do castros peitean as mouras as súas longas melenas e ofrécenlles tesouros aos que cren nelas; que as fadas das fontes saen de ruada polas carballeiras, e que as meigas dos soutos xogan coas estrelas; que na beira do mar cantan as sereas coa fala máis doce, a lingua galega; unha voz mecosa que sabe a larpeira, a churros con azucre, e a terra de améndoa.

Con curiosidade e con emoción chegamos por fin, a esta boa terra, e calmouse a sede dos nosos camelos e morreu a fame crúa dos desertos e sentimos a maxia que tedes os nenos! Estamos cansos, si, pero satisfeitos. Traemos as alforxas cheas de ilusión, con mil agasallos e tamén carbón, libros e xoguetes para compartir, que vos gustarán e vos farán rir. E tamén trouxemos, nesta noite meiga, bicos estrelados para lles regalar a amigos, a mestres e tamén aos pais, porque para eles sodes especiais. Deixámosvos palabras para aloumiñar, para contar contos e para cantar, cantigas de reis, de amor e de paz.

E agora amiguiños, cando sexa noite pecha, polos camiños da lúa, coa maxia da nosa estrela, na vosa casa entraremos, caladiños en segredo, para deixarvos o premio polo bo comportamento.

Grazas a todos por esta gran festa, para todos vos, saúde e apertas!



Cabalgando sobre o arco da vella

Celia Parra Díaz

Queridas nenas e nenos:

Vimos hoxe aquí chegados dende moi lonxe, despois de atravesar o mundo enteiro cabalgando sobre o arco da vella. Os nosos camelos percorreron miles de quilómetros ata chegar a vós. Pero non estamos cansos, a ilusión que aluma nos vosos ollos dános forza para seguir camiñando e encher esta noite de maxia os vosos fogares.

A estrela que máis brilla do ceo foinos contando historias ao oído para alegrar a viaxe. Falounos do País dos Sabores, onde a herba sabe a limón e as montañas a chocolate. No País dos Sabores chove azucre e os ríos levan leite acabado de muxir. Cando abre o día, os nenos saen almorzar ao río para mollar as galletas no chocolate con leite que se forma nas beiras. E teñen unha lingua ben grande para gardar os sabores todos.

Nós, os Reis Magos de Oriente, fixemos un alto no camiño e traemos esta noite as alforxas cargadas de cereixas, requeixo, pexegos, marmelo, melindres e amorodos. Palabras esponxosas que agariman os oídos, para que vos medre a lingua e o sorriso. Saboreádeas, mastigádeas e cociñádeas co lume dos sonhos. Lambédeas sen medo a enlarafuzarvos. O País dos Sabores agárdavos en cada merenda. Compartide esas palabras doces con mamá, papá, avós, curmáns, amigos. E coa maxia da vosa lingua, poderedes facer do mundo o voso prato favorito. A receita, nenos e nenas, tédela vós.

Así que, sede agarimosos, durmide ben hoxe e seguidе sorrindo sempre. Que teñades doces sonhos e luminoso espertar!

Cofres cheos de palabras

Rosalía Morlán

Queridas nenas e nenos,
chegou a noite máis máxica,
vimos do Afastado Oriente,
xa lemos todas as cartas.
Sabemos que fostes bos
na escola e tamén na casa,
por iso vimos cargados
cos vosos milleiros de encargas.
Os camelos teñen sede
de tan longa camiñada
lembrádevos de deixarlles auga,
doces e tamén patacas.
Nenas e nenos do mundo
os reis, os paxes e as fadas
este ano, de agasallo
traemos cofres de palabras.
Palabras azuis, verdes, encarnadas,
palabras que rin e cantan
que vos aloumiñarán a cara.
Unhas recenden a choiva
e saben a marmelada,
outras brincarán coa lúa
mentres soñan coa alborada.
Non houbo que buscar moito
no idioma dos galegos





sabíamos que se atopaban.
Pedímoslle axuda ao vento
que cando asubía, canta,
leva esta lingua moi lonxe
e fai desta fala maxia.
Queridas nenas e nenos
cos reis, paxes e as fadas
este ano de agasallo
vén un tren cheo de palabras.
Palabras de chocolate,
caramelo e lambonadas,
palabras en lingua galega
fermosas coma a nosa fala.
Non tivemos que ir moi lonxe
en Galicia e no galego
consequimos atopalas.
Traemos un papaventos
que pinta nubes de esperanza
leva soños ás estrelas
enchendo as noites de maxia.
Tendes que deitarvos cedo
se non a noite non pasa,
nós cos paxes e camelos
iremos casa por casa.



Os mellores agasallos

Beatriz García Turnes

Benqueridos nenos e nenas:


Traballamos todo o ano e fixemos unha longa e penosa viaxe nas últimas semanas para estarmos hoxe aquí convosco. O esforzo pagou a pena, porque a ilusión das vosas miradas e o magnífico recibimento que nos facedes compensa todos os traballos. O po do camiño despréndese alegremente dos nosos mantos e o frío das noites pasadas ao relento esvaécese coa calor da vosa acollida.

Intentaremos compensar o voso entusiasmo desta tarde cos agasallos que, con tanto agarimo, vos traemos de Oriente. Lemos con detemento as vosas cartas e procuramos vir con todo o que nos pedistes, pero tendes que mostrarvos comprensivos se nos equivocamos ou esquecemos algo: sodes moitos nenos e nosoutros, aínda que magos, só tres pobres reis. Verdade que non vos habedes enfadar?

De todas maneiras, temos que recoñecer que os mellores agasallos que recibides non son os que nosoutros vos deixamos nesta noite máxica. En realidade, os galanos máis importantes son os que, ao longo do ano, vos fan os vosos avós e avoas, os vosos papás e mamás, os vosos mestres e mestras: o seu tempo, o seu cariño, a lingua galega que gardaron para vós... Eses agasallos son auténticos tesouros que vos axudan a medrar seguros e felices e que vos han durar toda a vida. Seguro que vós saberedes agradecelos e coidalos.

Aínda temos moita noite por diante, así que xa non falamos máis. Non esquezades deixar preparado o voso zapato nin un petisco para estes Reis e os seus camelos.

Moitos bicos a todos.



Sodes as estrelas

Oriana Méndez

Nenas e nenos de Galicia, por fin estamos con vós:

A que nos trouxo ata aquí foi unha longa travesía sobre as areas do deserto e tamén sobre as montañas e os mares que dividen as terras do mundo. Coñecemos cidades, os nosos camelos beberon auga dos cinco continentes, probamos os doces que milleiros de persoas xenerosas quixeron ofrecernos e, por fin estamos, con vós. Vós, que sodes a luz, o lume, unha poderosa fogueira emerxida do océano Atlántico, que gardades nas vosas mentes soños secretísimos e na vosa lingua a solución do enigma. Grazas por acollernos.

Un ano máis, ano tras ano, século tras século, agradecemosvos que sigades estando aquí, dándolle sentido a este lugar que agora temos baixo os pés, dándolle nome a estes ríos, a estas rías, a estas rúas, ocupando esta terra que se bate contra o cabo de Europa, pronunciado para o resto da humanidade Tambo, Ortigueira, Sober, Vigo, Mourente, Xinzo de Limia, Becerreá, A Coruña.

Polos séculos dos séculos os nosos ollos anciáns veñen coñecendo as vosas casas, observando con detemento os vosos fogares, descubrindo os vosos desexos, regalándovos un bico mentres durmides nesta noite de maxia. Así é convosco, así foi cos vosos pais e cos pais dos vosos pais e coas avoas das vosas avoas, porque sodes as estrelas. Sabédelo, sabedes que cada un de vós leva dentro de si a estrela que nos guía nas longas noites de camiño e sabedes tamén que a nosa existencia sería imposible sen estrela.

Queridos nenos e nenas: nosoutros, os Reis Magos de Oriente, non poderíamos vivir sen vós.



Un idioma metido nun saco

María Solar

Queridos nenos e nenas, os Magos xa estamos aquí!

Acabadiños de chegar de Oriente con estes sacos cheos de agasallos para vós. Este ano non traemos carbón! Baltasar queixouse de que levaba máis de dous mil anos carrexando carbón que ninguén quería, e mirra que ninguén sabía o que era; por iso non estaba contento e quixo mudar os seus agasallos.

Pensou que un idioma sería un regalo que a todos tiña que agradar porque, con el, podía construír o que cada un quixese: desexos, soños e ilusións. Baltasar xuntou todas as palabras de todos os idiomas e foinos metendo en sacos, e os sacos colocounos sobre o camelo. Eran centos deles, tantos coma idiomas hai no mundo. Arriba de todo quedou o galego. Dentro dos sacos as palabras foron pousando. As máis pesadas, as imprescindibles, as que importan, pousaron no fondo e as lixeiras, as prescindibles, as que sobran, quedaron no alto.

Pero foi que na viaxe o camelo de Baltasar colleu impo. “Hip”, impou, e do último saco caeu a última palabra: *guerra*. O camelo que viña detrás pisouna, e alí quedou esmagada. O camelo de Baltasar seguiu impando. *Fame, mentira, enfermidade, tristura*, caeron e foron esmagadas. Así, chegou hoxe cun idioma peneirado de palabras que sobran, que non só é fermoso, se non tamén bo e xeneroso. E Baltasar quere que moitos de vós o recibades e que o usedes así, como lle quedou, cargado de palabras que importan.



Se os paxaros falasen

Lupe Gómez

Queridos nenos e nenas que voades por riba da inmensa neve e do simpático sol:

Os Reis Magos estamos mudos. Non sabemos contar chistes, falar. Por iso facemos agasallos cando amence nas caras dos seres humanos. O noso oficio é crear beleza nos días escuros. Vós os nenos e nenas sodes coma avións e viaxades polo ceo e por debaixo do mar. Pedides cousiñas marabillosas, pequeniñas, importantes. Recibimos as vosas cartas, que veñen con sabor a amoras, emoción e turrón. Este ano fostes bos porque estivestes atentos na escola, e agora desexades unha boneca que debuxe metáforas de xabón na auga verde. Un xoguete que fale galego cando os paxaros canten e os espellos digan palabras de amor. Agasallos que veñan nas ás mecánicas dese avión que voa por debaixo das árbores e da terra. Unha nena pediu unha flor que escriba poemas nos ollos brillantes dos autobuses, nos vestidos tranquilos da madrugada. Durmide contentos, agardando que chegue un camiión cheo de experimentos científicos, e unha galiña que toque a pandeireta. Falamos o idioma máis doce do mundo, e ese agasallo é coma un acordeón de festa.



A vosa luz

Ledicia Costas

Queridas nenas e nenos:

Levamos moitos días de viaxe camiñando sobre o lombo do mundo. As nosas barbas e os nosos camelos pisaron terras de todos os tamaños e cores ata chegar onda vós. Traemos os sacos cargados con toneladas de bolboretas, vagalumes e fogos de artifício, porque queremos pintar esta noite de luz. Existen cousas que tan só os máis cativos podedes comprender. Vós coñecedes os segredos mellor gardados durante milenios. Sabedes que a lúa é a boca do ceo, e que cando mingua pendurada alá, no máis alto, é para vestir o universo de sorrisos. Sabedes tamén que os motores dos coches fan tanto ruído para espantar as xoaniñas e non esmagalas coas rodas; que as estrelas son as luces da noite e visten a escuridade de festa; que os tellados son os tobogáns das gotas de chuvia, e que os contos que mamá e papá vos len antes de ir durmir son reais no País dos Soños.

No mundo que nos rodea, queridos nenos e nenas, nada é o que parece. As miradas dos máis pequenos son as únicas capaces de traspasar a aparencia das cousas. Por iso, os Reis Magos de Oriente desexamos que non deixedes xamais de soñar. Porque grazas á vosa felicidade a terra continúa xirando.

Que todos os fogares se enchan coa vosa luz!



Noite de Reis

Helena Villar Janeiro

Queridas nenas e queridos nenos:

Graciñas por virdes recibirnos tan contentos.

Canto medrastes! E parece que vexo nenas e nenos esperándonos por primeira vez. Hai un ano debían ser pequerrechos e quedaron no berce.

Nós os tres, e os nosos paxes, facemos todo o posible por traer as cousas que nos pedides. Lemos as vosas cartas con moita atención e, se a alguén lle esqueceu escribila ou non lle deu tempo a botala, nós, como bos magos, adiviñamos onde vive e non o deixamos sen nada.

Pero ás veces non nos é doado atopar todo o que hai na carta. Temos que ir a moitas tendas e pode ser que algunha cousa xa se acabara. Por iso, se cadra, non ven algo do que nos pedistes. Perdoádenos se non nos foi posible cumprirvos todos os gustos. Se falta algo, traerémolo para os próximos Reis.

Sabemos que vos portastes ben. Temos un observatorio que nos permite vervos durante o ano e así sabemos se merecedes ou non os agasallos. Aínda nunca tivemos que castigar a ninguén. Se cadra, vimos algún enfado ou unha pequena desobediencia. Puido haber un día que vos portastes un pouco mal ou que contastes unha mentiriña. Pero despois vemos que queredes ser bos e perdoamos esas cousiñas. Por iso estamos aquí, de novo, cargados de xoguetes, de libros, de todo o que vos gusta.

Gozade desta cabalgada. Mirádenos ben e despois deitádevos axiña. Cando vaiamos casa por casa para repartir os agasallos, queremos ver a todo mundo durmindo. Non sabedes ben canto nos gusta o silencio.

E volvédenos agardar o ano que vén, porque nós non faltaremos á cita.



Discurso dos Reis Magos

Elena Gallego Abad

Sáídos, xentes de _____ (*localidade*):

Por fin chegou a noite máis máxica do ano, a noite da ilusión.

Dende as máis afastadas terras de Oriente, alá onde os soños se converten en realidade, os Reis Magos viaxamos cun cargamento de agasallos que esta noite lles imos repartir, casa por casa, a todos os cativos do mundo.

Tamén nas vosas habemos deixar algún regalo, porque estamos seguros de que fostes moi bos e de que escribistes a vosa carta con tempo abondo.

Hai máis de dous mil anos, os reis magos de Oriente —Melchor, Gaspar e Baltasar— fomos os primeiros en achegarnos a Belén para deixarlle os nosos presentes a un neno moi especial.

Ouro, incenso e mirra levabamos entón... Agora, como os tempos mudaron, viaxamos polo mundo cos camelos cargados de todo tipo de agasallos, mesmo cos xoguetes que se anuncian estes días na televisión, para tratar de cumprir algúns dos vosos desexos.

Sabemos que esta será a noite máis curta, que moitos permaneceredes espertos, agardando na escuridade que cheguemos os Reis co noso máxico cargamento. Durmide tranquilos porque mañá, co abrente, atoparedes as nosas pegadas en forma de regalos. Mais antes de deitarvos no leito, non esquezaades deixar un vasiño de auga a carón das pantuflas, para que beban os camelos.

Esta noite do 5 de xaneiro ten o sabor doce dos caramelos da cabalgata. E para nós, personaxes máxicos que hoxe temos o don de visitar a todos os nenos do mundo, o mellor tesouro é a ilusión que atopamos nas vosas miradas.

Esta madrugada as estrelas serán testemuña da máxica repartición de milleiros de agasallos que nós, os Reis Magos de Oriente, deixaremos en todas as casas de _____ (*localidade*).

Tamén na vosa.

Boas noites.

Tres paxes e tres reis suman seis

Ana María Fernández

Paxe 1

Traemos lembranzas
de moitos lugares.
Saltamos montañas,
cruzamos os mares
e, por fin, chegamos
hoxe, con ledicia,
á fermosa terra
da verde Galicia.

Paxe 2

Vexo que, nas cartas,
pedistes regalos
e os Reis, que vos queren,
andan a buscalos:
bicis e bonecos,
disfraces, patíns,
xogos e máis xogos,
botas e botíns...

Paxe 3

E aquí están os Magos
facendo camiños.
Chegan dende Oriente
detrás do solpor,
e seguen contentos,

pasiño a pasiño,
mirando arredor.

Transportan regalos
nun saco de nube,
saúdos quentiños
dos raios do sol,
e veñen seguindo
ronseis dunha estrela
que anuncia o Amor.

Son tempos de xogos,
de paz, de alegrías.
Son tempos de enredos
e mais de lecer.
E os Magos xa falan
a lingua da terra
que van percorrer.

Paxe 1

Ola, Rei Melchor, o de capa
dourada!
Que traes para a xente, que
está ilusionada?





Melchor

Libros fermosos, cancións, adiviñas,
contos e lendas dos vosos avós,
para que soen en lingua galega
o verso e a voz.

Paxe 2

Ola, Rei Gaspar, o do rexo camelo!
Que traes nese cofre que dá gusto velo?

Gaspar

Eu traio envoltos na néboa saudosa
grandes tesouros de ouro e coral,
barcos piratas, fragatas, veleiros,
castelos de sal.

Paxe 3

E ti Baltasar, dos Reis, o terceiro,
cal agasallo é máis gaioleiro?

Baltasar

Son todos lindos, a cal máis bonito;
enredos con maxia, para celebrar,
xogos de mesa, de armar, de consolas,
e algún paquetiño de risas e paz.

Todos

Pois xuntos berremos, que o Mundo nos sinta,
que viva o Nadal!



Reis Magos

Antía Otero

Nenos e nenas...!

Os tres Reis Magos por fin estamos aquí despois dunha longa viaxe na que atravesamos mares e desertos, vales e montañas. Como sabedes, vimos dun país moi afastado, dun lugar máxico onde as nubes son de algodón e os ríos de seda prateada. No noso fogar, os animais falan linguas sabias e as mulleres e os homes bailan xuntos entre as árbores e as estrelas.

Hai xa moitos días que saímos da casa, o camiño non foi fácil e xa imos algo maiores..., por iso estamos tan felices de visitar estas terras e traer os agasallos que anotastes nas vosas cartas. Algunhas eran moi longas. Non sei se o trouxemos todo..., incluso tivemos que sentar un camelo enriba dos baúis para poder pechalos de tantos xoguetes, libros xeniais e soños que nos pedistes. Pero antes de nada, a pregunta máis importante:

Fostes moi bos e moi boas este ano?

Dicídenos: Si ou non? De seguro que si!! Así que, como sabemos que vos portastes ben, hoxe debedes deitarvos cedo para que poidamos facer o noso traballo. E non vale quedar cun ollo aberto, eh? Somos tímidos e se nos asustades botamos a correr! Ah!, non esquezades deixar tres anacos de biscoito para que repoñamos forzas, aínda que se os vosos pais teñen un vasiño de licor café..., mellor aínda! Sede moi felices e vémonos o 5 de xaneiro do ano que vén!



O noso segredo

Eva Lozano

Queridos nenos e nenas:

Que ganas tiña de coñecervos! Despois de ler as vosas cartas, é toda unha honra para min coñecer uns rapaces que se portan tan ben... Porque, segundo as vosas cartas, todos vos portades moi ben, non si? Polas caras que poñen os vossos pais vexo que non me equivoco...

Quería contarvos un segredo. Espero que quede entre nós: cando eu era un rapaciño sempre xogaba cos meus dous mellores amigos, que non fai falta que vos diga como se chamaban... Viviamos alá por Oriente, un territorio afastado cheo de misterios, covas e xenios que viven en lámpadas, como ben sabedes. Un día chegou á nosa aldea unha velliña cun estraño obxecto nas mans. Levou á boca unha pequena frauta que colgaba daquela bolsa de pel vermella e comezou a tocar unha fermosa música que encheu toda a rúa e fíxolles abrir as ventás a todos os veciños. Os tres corremos a pedirlle que nos deixase tocar aquel instrumento tan peculiar, e ela non só nos aprendeu a tocalo, senón que nos falou da terra da que viña, unha terra afastada, chea de verdes montañas, de ríos, de auga, de danzas e tradicións. A nós pareceunos que os misterios daquela afastada terra eran tan interesantes coma os da nosa e decidimos aprender máis cousas sobre ela. O primeiriño que nos aprendeu a velliña foi, evidentemente, a súa lingua, que é o que mellor identifica a cada pobo. Foi algo extraordinario. Que palabras máis fermosas!: *bolboreta*, *agarimo*, *cóxegas*...

Que sorte tedes de falar unha lingua así. Na miña vida escoitei palabras que soasen tan ben, sobre todo na boca dun neno.

E así foi como os tres aprendemos a vosa lingua, as vosas tradicións e mesmo a vosa música, grazas a aquela velliña gaiteira. E sabedes como se chamaba aquela boa muller? Chamábase Galicia, si, coma a vosa terra, que chegou a nós nunha fermosa tarde de verán.



Caderno máximo

María Canosa

Queridas nenas e queridos nenos, vouvos contar a historia de Alba:

Cada ano, Alba só nos pide un regalo. Non quere máis. É abondo, pois pensa nos nenos que non poden ter ningún.

Non escribe carta, nin o di en alto, nin sinala o xoguete preferido. Alba escribe nun anaco pequeno de papel como quere a sorpresa, dóbrao ben dobradiño, e pono debaixo da almofada. Axúdaa a soñar, e así é máis sinxelo que se cumpran os desexos.

As letras do pasado ano dicían: “Algo que me dure para sempre. E se pode ser, que me faga especial e diferente”.

Cando o escribiu, non pensaba nun sombreiro, nin que os ollos se lle volvesen azuis. Non necesitaba que se vise externamente, pero si que fose algo cunha característica especial.

Os Reis entendemos a súa mensaxe.

Cando abriu a caixa pousada ao pé da cama atopou un caderno e un lapis sen mina. Tiña as tapas duras, e unha inscrición: CADERNO MÁXICO DAS TÚAS PALABRAS.

Refregou un pouco os ollos, pois acababa de espertar. Aquel lapis sen mina comíaa de curiosidade. Non buscou instrucións. Comezou a escribir na primeira páxina.

SOÑO.

Nuns minutos apareceron as letras e uns debuxos.

MAXIA.

Tras segundos, a páxina encheuse de cor.

XOUBA. GADOUPA. ALOUMIÑO. MEDO...

Non daba feito a escribir. E a sorrir. Era a lingua de seu. Un agasallo inmenllorable. Para toda a vida. Para ser parte dun.

Este ano, Alba pediunos outro caderno no que coidar da súa lingua.



Carta dos Reis Magos

Inma López Silva

Queridas nenas e nenos,

Por unha vez, somos nós quen escribe unha carta para pedirvos algo: por favor, mandádenos as cartas en galego. Aínda que veñamos de Oriente, o certo é que o galego é a lingua na que nos comunicamos.

E, por suposto, non queremos pedirvos algo tan importante sen darvos nada a cambio. Para que poidades escribirnos en galego, decidimos deixar varios dicionarios nas bibliotecas. Se iso non fose abondo, tamén lle escribimos unha carta a cada un dos vosos e vosas profes para que vos axuden, se for preciso. Por certo, engadimos uns caramelos aos agasallos dos profes para darlles un ánimo extra. Porque, entre nós, aos profes encántanlles os caramelos, por iso non vos deixan comelos na clase... Dálles envexa!

Así que, queridas nenas e nenos, tras pedirvos este agasallo único para nós os tres, despedímonos xa. Lembraide que escribir en galego é divertido, é fácil e, sobre todo, é máis sinxelo para que os Reis Magos teñamos coñecemento das vosas cartas... Todo vantaxes!

Moitos bicos

Melchor, Gaspar e Baltasar

PD: Grazas aos que nos deixades as tres copiñas de coñac e a auga para os camelos. Non sabedes o que prestan ao traballar toda a noite!



Unha petición especial

Fina Casalderrey

Moi boa noite, nenos e nenas, despois dunha longa viaxe, xa estamos aquí de novo para cumprir os vosos desexos.

Queremos que saibades que non deixamos de ler ningunha das cartas que nos enviades, que son para nós como apertas verdadeiras. Mesmo somos quen de saber o que, de certo, vos fai máis felices, aínda que vos esquezaades de nolo pedir, por algo somos Magos.

Hoxe hai entre vós unha nena a quen o ano pasado lle deixamos de agasallo un delicioso cachorro de can que non pedira, nin sequera nos escribira, e sabemos que nada a fixo máis feliz. Precisamente a súa carta deste ano é a que vos vou ler agora e axiña comprenderedes por que razón. Di así:

Queridos Reis Magos:

Quero que saibades que, ao cadeliño que me trouxestes o ano pasado, como ten a pel de melocotón, púxenlle de nome Gaspar. Gaspar é o meu mellor amigo.

Vaia..., teño outro mellor amigo que se chama Telmo, pero onte rifamos. Telmo di que non podedes ler as cartas que vos chegan en galego porque en Oriente non se fala, e eu porfieille en que sodes Magos e que sabedes todas as linguas do mundo. Ademais, o galego xa o falaban hai moitos anos outros reis que tamén eran importantes.

O que quero pedirvos é que, cando esteades a pasar por onda nós na cabalgata da miña vila, leades esta carta en voz alta. Así Telmo saberá que levo razón, que en galego se pode escribir todo. E se mirades fronte e vedes un neno que tapa a cara coa vergonza e ao seu carón unha nena con botas altas e un gorro de la que vos saúda, seremos Telmo e máis eu, porque seguro que mañá faremos as paces.

Non me atrevo a pedirvos máis nada. Igual estades enfadados por lle poñer ao meu cadelo un nome de Rei Mago. Meu tío Pepe anoxouse cando lle puxeron Pepe ao papagaio dun veciño. Pero é que o meu can tamén é moi importante!

Vaia..., se queredes traerme algo máis, xa sabedes vós. O ano pasado atopei a miña carta nun caixón da cociña, papá esquecera botala, e trouxéstesme xusto o que quería.

Unha aperta forte coma unha muralla antiga.

Martiña.

Por suposto que Martiña terá algo máis, coma todos os nenos e nenas desta vila. E non esquezaades que nós, os Magos de Oriente, sabemos, amamos e falamos galego!



Fóra o frío e dentro a luz

Dores Tembrás

Vouvos contar a historia dunha carta moi particular. A carta que dous irmáns nos escribiron pedíndonos un agasallo que nunca antes nos pediran. Esta historia contóunola un dos nosos axudantes, porque tedes que saber que nós temos axudantes en cada recuncho da terra, que son os que nos din como vos portades durante o ano.

Pois ben, este axudante era un ratiño rebuldeiro e vivía agochado na cociña da súa casa. Isto foi o que aconteceu mentres os dous pequenos nos escribían:

Sentaron un a carón do outro. *E fóra o frío e dentro a luz*. O maior estaba aprendendo a escribir e xa collera papeis e lapis. O máis cativo remexíase mirando o catálogo de xoguetes. Matinaban. Tiñan que escoller ben porque os pais só lles deixaban pedir un único agasallo.

—Que imos pedir? —dixo o pequeno.

—Pedir, pedir, a min gustaríame pedir moitas cousas... unha galaxia de cousas! Respondeu o maior.

—Canto é unha galaxia? —e, ao preguntalo, o menor, abría os ollos case tanto como a boca.

E sabedes que, nenos? O ratiño neste punto da conversa tamén se preguntaba que significaba aquela palabra.

—Pois unha galaxia son moitísimas. Non as darías contado.

—Pois... —comezou o pequeno— quero unha galaxia de chocolate!

E nos ollos xa lle escintilaban bombóns, estreliñas que pingaban cacao, onzas derreténdose nos dedos...

—Iso estaría xenial! —dixo o outro. (O lambón do ratiño pensaba o mesmo.) E comezou a escribir en maiúsculas..., pero detívose—. Os Reis Magos non van poder con iso, ten que ser algo que non pese tanto...

—Eu quero chocolate, eu quero chocolate... E foise cantando na procura do pai.

O maior seguiu sentado, a el o que máis lle gustaba de todo eran os contos dos pais e os avós, contos de peizoques e raposas, de princesas e chícharos, de xastres afoutos, de mazás envelenadas...

—Xa sei!! E comezou a escribir: “QUERO PEDIRVOS UNHA GALAXIA DE PALABRAS...”

Ben vedes, queridos nenos e nenas, que hai cartas que nolo poñen ben difícil, pero igual tentaremos cumprir cada desexo.

De Duarte e Romeu, entre palabras.

brincadeira


laranja

lambetada

sorriso

estrela

cantiga



O soño de Icía

Mercedes Queiras Zas

Queridas nenas e queridos nenos:

Sabedes que a hucha real garda as cartas que, ano tras ano, recibimos no Nadal? Lemos e relemos, repasamos os baúis unha e outra vez para non esquecermos ningún agasallo e iniciamos esta longa travesía anual para chegarmos puntualiños á cita desta noite convosco.

Mais este ano saímos un pouco atrasados porque unha esvelta, áxil e xogantina lavandeira pousou no ombro de Baltasar para lle entregar unha carta extraviada ao caer da saca da carteira. Baltasar acariñoulle a longa cola e os tres ficamos atentos ao seu elegante camiñar antes de emprender novamente o voo.

Ao ler a carta, comprobamos que a petición era ben diferente! Icía pedía dous únicos agasallos ben sorprendentes. Mirámonos os tres moi desconcertados. Para que quería aquilo? Prestade atención, xa que a propia Icía o misterio vai desvelar!

Prezados Reis Magos:

Teño demasiados xogos para min soa, así que este ano pido como agasallo de Reis unha artesa e unha saca chea de globos. Xa sei que non veñen nos catálogos, mais confío na vosa astucia para os conseguirdes. Gustaría de compartir os agasallos cos nenos e nenas que viven preto de min, así que encherei a artesa coas miñas palabras favoritas: lambetada, azucre, soño, xolda, arroaz, estrela, marmelo, cantiga, debuxo, laranxa, queixo, sorriso e brincadeira, para despois introducilas nos globos de cores. Durante a mañá do Día de Reis, cando os nenos e as nenas anden a pasear, ceibareinos cara ao ceo e, ao estalaren, inzarán as rúas de palabras-agasallo para as descubriren.

Mañá será un gran día!
Boa noite!



ATADALLO

MATACANDÍ

chacarandaina

CHOROVISCO

lapantín

tolambrán

fedello

larafuzas

OLLONMOL

referendario

GALAPEIRO

ROUFFENON

As palabras perdidas

Clara do Roxo

Benqueridos nenos. Benqueridas nenas: o que vou contarvos agora vaivos impresionar moito. Así que moi atentos e atentas...

Este Nadal coñecín a Xan que, con nove anos, non cría en nada porque as palabras fermosas da súa lingua galega levaban tempo desaparecendo. Así que me disfracei de vello mendigo estrafalario e dixeran chamarme Mel.

Conteille que era rei dun país afastado que coleccionaba verbas perdidas e que as colgaba das estrelas para que non se extraviasen para sempre. Axiña se fixo o amigo meu, aínda que, coma todos na vila, Xan pensaba que eu era un tolo porque lles pedía a todos que me regalasen palabras en perigo de extinción.

Pasei o Nadal tomando notas nun caderniño coas cores do arco da vella, escoitando os vellos e consultando libros antigos e o día 5 de xaneiro desaparecín sen deixar rastro.

Xan levara un gran desgusto, pois collérame cariño aínda que pensaba que eu era un mentireiro. Nin os agasallos do día dos Reis Magos o sacaran da súa tristura, ata que se decatou do paquete que brillaba colgado da estrela da árbore onde lle deixei o caderno do arco da vella e nas súas páxinas, as palabras que recuperei para el como *atadallo*, *fedello*, *lampantín*, *larafuzas*, *ollomol*, *xacarandaina*, *referendario*, *tolambrón*, *chorovisco*, *matacandís*, *galapeiro*, *roufeñón* e *centos* delas máis, cunha dedicatoria que dicía:

*Para Xan o Incrédulo.
Velaí as túas palabras perdidas.
Asinado o Rei Mel-Chor.*





Discurso dos Reis Magos

Concha Blanco

Queridas nenas. Queridos nenos:

Nós, os Reis Magos, quixemos estar un ano máis neste fermoso lugar.

O cansazo que nos produce tan longa viaxe énos recompensado con este cariñoso recibimento, pero tamén por todo o que vimos e aprendemos en tanto traxecto.

Oriente queda lonxe, moi lonxe. Dende alí ata Galicia notamos grandes diferenzas: de paisaxe, de clima, de moeda, de raza..., pero sobre todo unha gran variante, a de nos poder comunicar en diferentes linguas.

Parabéns por terdes un idioma propio que vos fai máis grandes, únicos e irrepetibles. Nós, os Reis Magos, tamén quixemos aprendelo. Dikir *paspallás*, *ladaíña*, *axóuxere*, *agarimo*... é coma dar e recibir aloumiños de amigos.

Esta noite repartiremos agasallos. Entre eles temos moitos libros con bonitas historias, con versos cheos de sentimento. Libros con denominación de orixe, escritos en lingua galega. Libros de bandeira, azul e branca, a bandeira de Galicia. Libros con ritmo, de muiñeira, o baile típico desta terra. Libros con medalla olímpica; moitos deles recibiron importantes premios dentro e fóra das súas fronteiras.

Durmide axiña esta noite. Desculpade se non chega todo o que pedistes. Ás veces pasan estas cousas. Temos moito que repartir e vós comprenderédelo.

Boa noite a todos e todas. Ata o ano que vén!



A bisavoa Wáskuol

Anxos Sumai

Os Reis Magos recibimos cartas dende todas as partes do mundo.
E así viaxamos nós, dalgunha maneira, cando as lemos. Por iso quero lervos unha carta que nos chegou hai uns días e que é, xa veredes, unha especie de viaxe...

Prezados Reis Magos:


Chámome Viviana e teño oito anos. Vivo en Galicia, pero antes vivía na illa Wellington, en Chile. Ía escribirlle ao Viejito Pascuero, pero cambiei de idea porque o Viejito Pascuero está lonxe e xa ten abondo con cruzar canles e xeeiras. Seríalle esgotador atravesar o océano Atlántico para poñerme regalos aquí.

É a primeira vez que lles mando unha carta e quería pedirilles unha cousa importante. Pensando que lles pedir, acordeime da bisavoa Wáskuol. Era unha muller kawésqar, un pobo do extremo sur de Chile. Tiñan un idioma propio, que tamén se chama kawésqar. O nome da bisavoa, Wáskuol, significa ‘medusa’. Todo o mundo na illa fala español, coma min. Só algunhas persoas sabían o idioma da bisavoa, pero morreron. Daquela, púxose triste porque non tiña con quen conversar. Cando ela morreu, ninguén máis volveu falalo. Tampouco ninguén volveu usar os ósos de balea cos que mariscaba e se peiteaba.

Dende que vivo en Galicia falo en galego coas miñas amigas. E como non quero que o galego desapareza como o idioma wáskuol, todos os días aprendo unha palabra nova. Hoxe pola mañá, busquei a palabra “medusa” nun dicionario e aprendín que tamén se di “augamar”. O nome da miña bisavoa en galego tamén sería Augamar. É precioso!

Como teño que rematar, pídolles que sempre leven nos sacos palabras en galego para regalárllelas ás persoas descoidadas que as perden. E se atopan o Viejito Pascuero, díganlle que o estraño e póñanlle de agasallo unha augamar de cores, que se alegrará de atopar unha na friaxe das xeeiras.

*A súa nova amiga,
Viviana.*



... e un ovo de dragón

Paula Carballeira

Queridas nenas e nenos:

Preparádevos, nenos e nenas, porque alguén nos mandou unha carta dende moi lonxe. Na carta había unha historia e a historia pode deixarvos a boca de dragón.

Hai nenas e nenos por todo o mundo que esperan un ano enteiro a que chegue a Noite de Reis para recibir un agasallo, un agasallo especial, porque só o reciben unha vez cada 365 días e 364 noites. Algúns agasallos duran unhas horas, outros duran toda unha vida.

Iso foi o que lle aconteceu a unha nena, unha nena que naceu aquí, pero que tivo que marchar lonxe, moi lonxe, tan lonxe que pensaba que a maxia non chegaría ata ela. Esta é a súa historia:

Cando nos mudamos a China, os primeiros agasallos que recibín foron un par de zapatos, un libro con moita letra e poucos debuxos (porque xa ía sendo maior, segundo dicían mamá e papá, para que as palabras me gustasen por si mesmas)... e un ovo de dragón.

Ao comezo, eu non sabía que aquel ovo era de dragón. Por fóra, o ovo era igual a calquera outro ovo, máis grande, iso si, e máis quentiño. Foi miña nai, que coñece ata os segredos máis agochados, quen me dixo que de aí saíría un dragón, un dragón de aire, branco e lixeiro, e que tiña que falar co ovo cada noite, antes de durmir, para que o dragón coñecese a miña voz e a miña lingua, tan distinta da lingua dos dragóns.

Cando o dragón naceu, souben que coñecía a miña voz porque só quería estar comigo, e porque se facía unha rosca no meu regazo cada vez que quería escoitar un conto. Ata que se fixo grande, grande de máis para quedar dentro dunha casa, e miña nai díxome que tiña que voar, que os dragóns de aire non poden estar entre catro paredes, así que lle abrín a ventá ao dragón para que marchase.

Dende aquela pasaron moitos, moitos anos. Aprendín que os verdadeiros agasallos son os que queredes que duren para sempre e agora sei por que se regalan zapatos, libros de aventuras... e ovos de dragón. Non é para ter un dragón na casa, porque os dragóns son criaturas libres que murcharían se non poden voar. En realidade, ti confíaslle ao dragón a túa lingua, as túas palabras, e así as palabras non se esquecen nin quedan prisioneiras na gorxa, voan co dragón no vento, igual que camiñan dentro dos teus zapatos ou dormen esperando que as leas nos libros de aventuras.




E non era sen tempo!

Rosa Aneiros

Queridas nenas e queridos nenos:

Sabedes? Hai nenas e nenos que na noite de Reis non nos deixan galletas nin auga para os nosos camelos. Nada diso. Algúns déixannos cartas! Si, así como volo conto! Déixannos cartas secretas nas que nos dan as grazas polos agasallos, prométennos que o ano que vén han portarse mellor..., mesmo atopamos algunhas onde nos preguntan pola nosa viaxe dende as afastadas terras do Oriente! As cartas escritas polas nenas e nenos gústannos moito, moito. Esta, por exemplo, é unha que atopamos debaixo da alfombra do cuarto dunha nena que cando sexa grande quere ser capitá de barco. Escoitade, escoitade o que nos di...

Viñestes por fin! E non era sen tempo, meus reis! Todo un ano a agardar por vós e non daba chegado a hora da vosa visita. Contade, contade..., como vos foi a viaxe? Sorprendéronvos as temidas marusías de area ao atravesardes as dunas do deserto? As pirámides de Exipto tinguiron a súa cúspide de ouro para vos saudar? Furou o mar as costas de Arabia? Abofé que a última gran marea deu moito que ver. Nunca tanto pano de lona se viu a sucara augas de Tarifa! Contade, contade das cousas que atopastes na andaina. Non esquezades relatar os xeitos de vestiren e falaren dos homes e mulleres da ribeira, nin a saudade dos nómades das estepas, ou os mareos dos mariñeiros de altas ondas e moito menos a afouteza das piratas que habitan as illas invisibles! Desatade as linguas e ceibade as palabras que veñen de xalundes, dende alén da noite dos tempos e dos máis arredados recunchos do planeta. Contade do mundo que traedes a galope nas meniñas dos ollos! Porque ese é sen dúbida o mellor agasallo da vosa chegada. Non o que cargades nas faldriqueiras dos camelos, senón todas as historias que aprendedes polo camiño en mil linguas saborosas e coñecedoras dos máis exquisitos misterios e das máis doces cantigas. Esas palabras estranxeiras veñen cabo de nós na doce melodía da nosa lingua para nos iluminar de sabedoría e esperanza! Porque vós, entendedores das verbas de todas as xentes, ofrecédesnos o rumor xordo da historia e da cartografía no noso propio falar. E, cando nolo contades na nosa lingua, nace o mundo enteiro das vosas bocas para entrar de cheo, grande e marabilloso, na nosa casa. O voso relato, velaí o mellor agasallo cada noite de reis.



Onde empezan as viaxes

Teresa González Costa

Boas e máxicas noites, nenas e nenos. Esta é noite de festa e xogos. E tamén de adiviñas. Por certo: quen pode ver a Lúa? Din que ela coñece todas as respostas... Escoitade, se non esta historia:

—Lúa?

—É a Noite de Reis, Mimito —díxolle ela—. Deberías estar preparando as túas botas.

—Xa, Lúa. Pero... onde comezan as viaxes? —preguntou el.

—Vai onda as miñas fillas. Elas axudaranche.

Mimito calzou as botas. E camiñou. Ata que viu unha muller nun tellado.

—A viaxe podería comezar aquí —dixo a Muller Primavera, peiteando os cabelos—. Pero teño unha adiviña para ti. Se acertas, dareiche a chave de ámbar: “É un sol que se come. Con el empeza todo”¹.

Mimito adiviñou, viaxou, preguntou. E a perfumada cabeleira rematou. A Muller Verán cantaba cos grilos. “Sopra sen ser vento, navega sen ser barco”², dixo ela amosándolle a chave de auga salgada.

Mimito acertou, viaxou, preguntou. E a cálida cabeleira rematou. A Muller Outono xogaba coas follas. “Cal é a ponte invisible que une a xente?”³, dixo amosando a chave de terra.

Mimito adiviñou, viaxou, preguntou. E a dourada cabeleira rematou. A Muller Inverno modelaba xeo: “Quen dá sen pedir nada, e marcha despois na noite estrelada?”⁴, dixo amosándolle a chave de neve.

Mimito acertou, e viu que estaba preto da casa. Abrigados, os nenos cantaban nas portas, pedindo doces.

—Vin moitos lugares —choraba Mimito—. Falei con moita xente. Pero non sei o que quería saber. E as miñas botas están estragadas.

—E as chaves? —preguntou a Lúa. Do peto de Mimito saíron entón, e danzaron arredor das botas. A chave-primavera arranxou os buratos; a chave-verán púxolles uns amallós; a chave-outono deulles unha espléndida cor marrón; a chave-inverno arranxou as solas. Sorprendido, Mimito viu que había algo escrito debaixo delas:

A viaxe empeza aquí, / debaixo das túas botas, / no primeiro paso que dás, / para seguir camiñando. / Alí onde ti te atopas, / o inicio da viaxe está. / Debaixo das túas botas...

Durmiu coas botas postas, Mimito. Xa tiña o mellor dos regalos.

1. Ovo. O

2. Bala. A


3. Inguaxe. A

4. Reis Magos. Os

Prólogo	3
Carta dos Reis Magos	
Yolanda Castaño	5
Papaventos no padal	
Andrea Porto	7
Cando o aire recende a caramelos	
Rosario Golmar	9
Cabalgando sobre o arco da vella	
Celia Parra Díaz	11
Cofres cheos de palabras	
Rosalía Morlán	13
Os mellores agasallos	
Beatriz García Turnes	15
Sodes as estrelas	
Oriana Méndez	17
Un idioma metido nun saco	
María Solar	19
Se os paxaros falasen	
Lupe Gómez	21
A vosa luz	
Leticia Costas	23
Noite de Reis	
Helena Villar Janeiro	25
Discurso dos Reis Magos	
Elena Gallego Abad	27
Tres paxes e tres reis suman seis	
Ana María Fernández	29

Reis Magos	
Antía Otero	31
O noso segredo	
Eva Lozano	33
Caderno máxico	
María Canosa	35
Carta dos Reis Magos	
Inma López Silva	37
Unha petición especial	
Fina Casalderrey	39
Fóra o frío e dentro a luz	
Dores Tembrás	41
O soño de Icía	
Mercedes Queixas Zas	43
A s palabras perdidas	
Clara do Roxo	45
Discurso dos Reis Magos	
Concha Blanco	47
A bisavoa Wáskuol	
Anxos Sumai	49
... e un ovo de dragón	
Paula Carballeira	51
E non era sen tempo!	
Rosa Aneiros	53
Onde empezan as viaxes	
Teresa González Costa	55





A Rede de Dinamización Lingüística, na reunión ordinaria do seu Consello de Membros celebrada en decembro de 2011, aprobou a planificación de actividades deste organismo para o ano 2012 na que se contemplaba, entre outras medidas, a elaboración dun libro de discursos dos Reis Magos que permitise darlles voz en galego durante as cabalgatas do 5 ao 6 de xaneiro.

O libro dos Reis Magos desenvolve esta acción deseñada polos técnicos da Rede de Dinamización Lingüística co fin de favorecer o uso do galego por parte das nenas e nenos, vinculándoo ás experiencias positivas das festas de Nadal; incorporar a lingua galega ás actividades sociais e de lecer organizadas nestas datas ou darlle visibilidade ao galego nos espazos de tránsito masivo propios destas festas.